



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/. Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2018 DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES PARA O INCREMENTO DE COTAS NAS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE MARISQUEO CON VARA DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE CARRIL.

ANTECEDENTES

1 Por *Resolución de 23 de abril de 2018 da Xefatura Territorial de Vigo*, convócase o proceso selectivo para o incremento de tres (3) cotas nas embarcacións que xa participan no plan de xestión de marisqueo con vara dende embarcación da Confraría de pescadores de Carril.

2 Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron 8 solicitudes ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Segundo o disposto na *Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro* e o *Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños*, o exercicio de marisqueo dende embarcación requirirá que a embarcación:

- dispoña da modalidade de marisqueo no permiso de explotación
- estea incluída no plan de explotación de moluscos bivalvos da confraría de pescadores correspondente

2 As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co disposto no Baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión, aprobado por *Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* (DOG núm. 209, do 31 de outubro de 2013).

3 De acordo co disposto no citado baremo, as prazas cubriranse entre os solicitantes, coa seguinte orde de preferencia:

Primeiro. Asignando unha nova praza ás embarcacións que contén cunha única cota de captura, non sendo preciso que acredite ter enrolado un novo tripulante coa solicitude.

Segundo. Asignando as prazas as embarcacións en función da media de tripulantes enrolados sen dereito a cota de captura durante 6 meses continuos ou 12 descontínuos, anteriores á data da convocatoria do proceso selectivo.

4 A Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo o *Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia*.





galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

R/. Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional coas solicitudes admitidas neste proceso (contida no anexo I).

Contra o disposto nesta resolución se poderá reclamar no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ante a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, por resolución da xefa territorial se aprobará a relación definitiva de embarcacións admitidas e a puntuación de cada unha delas na que se incorporarán as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, que se fará pública nos mesmos lugares que a presente resolución.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa territorial

Carmen de Benito Caula
(Por delegación de firma R.17/10/2017)
Xefa do Servizo de Recursos Mariños

